

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac4163458119237288314.doc

Asunto: Decreto alcalde transferencia de crédito 42-2025 ECOLUGO-SOGAMA

ECRETO

EXCMO. SR. DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN FUNCIÓNS.

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS ECONÓMICAS DERIVADAS DOS CONTRATOS ASINADOS COAS MERCANTÍS UTE ECO LUGO U09985417 (SERVIZO DE RECOLLIDA DE LIXO, XESTIÓN DO PUNTO LIMPO MUNICIPAL E LIMPEZA VIARIA) E SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE A15379803 (SERVIZO DE TRATAMENTO DOS RESIDUOS E BIORRESIDUOS URBÁNS), DADA A EVOLUCIÓN DA FACTURACIÓN DURANTE O ANO 2025

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 42-2025, por un importe total de 440.000,00 €, dentro do vixente orzamento municipal, para dar cobertura as obrigas económicas derivadas dos contratos asinados coas mercantís UTE ECO LUGO U09985417 (Servizo de recollida de lixo, xestión do punto limpo municipal e limpeza viaria) e SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE A15379803 (Servizo de tratamento dos residuos e biorresiduos urbáns), dada a evolución da facturación durante o ano 2025.

Visto informe da Intervención municipal Ref.: 2037/2025, do 18.12.2025, así como o mandamento contable RCMOD Ref.: 85679/2025, polo importe total de 440.000,00 euros.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 440.000,00 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIA S QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
16510.22100	440.000,00 €	16210.22799	440.000,00 €
TOTAL	440.000,00 €		440.000,00 €

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.

Firmado por: ***419*** - RUBEN ARROXO FERNANDEZ (FECHA: 2025-12-18 12:55:22.00)

CVD: cg7i5fGvJMVp7nUn

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Nº de decreto/resolución: 11914/2025